

HISTORIA DA NORMATIVIZACIÓN. INTERFERENCIAS E DESVIACIÓNS DA NORMA

No mundo occidental, as linguas que pretenden ser vehículo de expresión da prensa, da ciencia, da filosofía, da literatura... deben contar cunha variedade lingüística uniformada, de uso fundamentalmente escrito, denominada **estándar**, que cumpre varias funcións: -serve de modelo de referencia para a alfabetización; -fortalece a conciencia de falar unha lingua diferente doutras ; -crea sentimento de unidade lingüística; -aumenta o seu prestixio e posibilita o seu uso en calquera faceta social e cultural

No caso do galego, os primeiros intentos de construción do estándar remóntanse ao s. XIX aínda que non se conseguiu plenamente ata finais do s.XX, concretamente ata 1982.

a) A estandarización

Os escritores do s.XIX comezaron a escribir as súas obras sen un modelo lingüístico xa que descoñecían a existencia da literatura medieval. A creación dun estándar que solucionase todos estes problemas foi lenta. En 1906 creouse a **Real Academia Galega (RAG)** co fin de redactar unha gramática e un dicionario normativos pero só se elaboraron as entrada ata *cativo* e a gramática nunca se escribiu. En 1933 o **Seminario de Estudos Galegos** aprobou as Normas pra a unificación do idioma galego pero a súa difusión quedou paralizada polo inicio da Guerra Civil e da posterior ditadura.

En 1970 a RAG redactou as Normas ortográficas do idioma galego e en 1971 o **Instituto da Lingua Galega (ILG)** publicou tres manuais para aprender galego que contiñan unha proposta de estándar.

En 1982 a RAG e o ILG publicaron as Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego aínda que non foron plenamente aceptadas por todos os sectores sociais interesados na normalización da lingua. Con respecto a estas normas houbo dúas posturas: -a dos mínimos, que estaban próximas á proposta da RAG; -e a dos reintegracionistas, que promovían un maior achegamento ao estándar portugués.

Estas diverxencias provocaron un conflito que durou vinte anos, ata que no ano 2003 a RAG modificou o seu estándar de xeito que integrara as dúas posturas enfrontadas. Con todo, aínda segue a haber partidarios dun maior grao de identificación co portugués.

En 2004, RAG e ILG editaron o Vocabulario ortográfico da lingua galega que serve para a escrita correcta do léxico e é a base para futuros dicionarios da lingua galega.

A variedade estándar está creada para a escrita pero o uso do galego no ensino e a aparición de medios de comunicación como a televisión, a radio e o cinema, fai imprescindible que se estableza unha variedade estándar oral que aínda se está creando, e na que deberían aparecer fenómenos como a gheada, o seseo e a pronuncia das vogais medias semiabertas e semipechadas.

C) AS INTERFERENCIAS

Nunha situación sociolingüística de linguas en contacto son raros os falantes nos que non se producen interferencias entre os dous códigos. Polo que respecta á Comunidade Galega, atopámonos con dúas linguas estruturalmente semellantes e que comparten algún léxico e algunhas regras morfosintácticas. É, polo tanto, lóxico que existan esas interferencias pero son abrumadoramente maioritarias as do castelán sobre o galego.

No léxico están as máis numerosas e poden establecerse catro tipos:

1. Convivencia das dúas formas; neste caso a forma castelá non conseguiu suplantarse a galega pero si restrinxiu o seu significado. Na maior parte dos casos as restricións débense ó progreso ou ó comercio: *billa*(chave do pipote)/ *grifo*; *garfo*(gancho)/ *tenedor*...

2. Adaptación de castellanismos: normalmente realízase a través de sons característicos do galego; *antoxo, baraxa, lentexa, conexo* (no canto de antollo, baralla, lentella, coello); *desaiuno, traiecto, proiecto* (no canto de almorzo, traxecto, proxecto); *mentras, quenes* (no canto de mentres, quen); *carreteira* (no canto de estrada)...

3. Castellanismos plenos: dende o s.XVI foise perdendo paulatinamente parte do noso patrimonio léxico. Para recuperalo houbo que recorrer ó portugués ou ós textos medievais pero a maior parte destas palabras aínda non foron reimplantadas a nivel popular. De aí o uso frecuente de castellanismos como *adiós, águila, Dios, cerilla, rodilla, escoba, peine, suelo*...

4. Castellanismo aceptables: o castelán, como lingua románica e o mesmo que outras linguas como o provenzal, o italiano, o francés... tamén aportou préstamos ó galego do tipo *boquilla, ladrillo, tortilla, camarilla*...

Entre as interferencias morfolóxicas máis frecuentes podemos citar:

- . alteración dos morfemas de xénero (*o árbore, o ponte*)
- . alteracións na formación do plural (*israelís, papeles*)
- . emprego do artigo masculino ante palabras femininas que comezan por a tónico (*o aguia, o alma*)
- . usos incorrectos do pronome persoal (*chameille pola tarde, laveime as mans*...)
- . formas incorrectas dos demostrativos, indefinidos e relativos (*estos, esos, quenes, calquer, calqueira, cuio*)
- . usos incorrectos das formas verbais (*conduxo, padezco, soupen, habían feito*...)

As interferencias fonéticas orixínase, case exclusivamente, nos neofalantes, maiormente nos de orixe non galega. No consonantismo atópanse na pronuncia de dous fonemas característicos do galego: o fricativo palatal xordo e o nasal velar sonoro. Por influxo do castelán, o 1º despalatalízase e artículase como sibilante alveolar [lase] e, o 2º, desnasalízase, articulándose como nasal alveolar [alguna]. No vocalismo, o influxo castelán nótase na non distinción entre as vogais medias abertas e pechadas (Óso/oso; vÉN/ven)

As interferencias semánticas son considerablemente inferiores pero tamén son importantes porque contribúen á confusión entre parellas de palabras que pertencen ó mesmo campo semántico como *almorzar/xantar; escada/escaleira*...

As sintácticas non son moi numerosas porque non existe excesiva diferenciación entre as dúas linguas pero podemos citar algunhas como: ausencia do artigo ante o posesivo, preposición A na perífrase IR+INF., incorrecta colocación do pronome átono...

D) DESVIACIÓNS DA NORMA

Todas aquelas formas que non coinciden coa norma chámanse desviacións e poden clasificarse en tres grupos:

1. Dialectalismos: son as formas propias de cada variedade xeográfica, usuais na fala, pero que non deberían empregarse na escrita. De entre elas destacan as terminacións -ao/-á, en palabras como *irmao, curmá*...; os pronomes tu/ il; os plurais en -s; -is como *camiós, pantalois*...

2. Vulgarismos; afectan case sempre á fonética e son propios do galego oral. Consisten na alteración do vocalismo ou do consonantismo das palabras por cambio dun fonema por outro (*polígano, marmurar, somellar*...); adición ou supresión de fonemas (*ademirar, espranza*...); cambio de posición entre os fonemas (*probe*...)

3. Hiperenxebrismos ou hipergaleguismos: son formas creadas cun afán diferencialista con respecto ao castelán. Aparecen nas palabras nas que o galego coincide co castelán; *ambiente* por ambiente; *gasoliña* por gasolina; *brilar* por brillar...